

d) Estructura básica del fichero y tipo de datos:

Datos identificativos (nombre, apellidos, DNI/NIE, dirección, teléfono, fax y email); datos del proyecto de creación de empresa (Nombre del proyecto, tipo, descripción, estado, fecha de inicio y fin).

e) Cesiones de datos de carácter personal y transferencias de datos a países terceros:

Los datos de carácter personal contenidos en este fichero serán cedidos a la Consejería de Trabajo y Bienestar, la C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Así mismo, podrán transferirse a otras administraciones públicas cuando sea necesario para las materias de su competencia.

No se prevé la cesión de dichos datos a países terceros.

En todo caso, la cesión de datos que contiene este fichero sin necesidad de consentimiento por parte de la persona afectada, sólo se realizará a favor de otras administraciones públicas competentes en la materia y al amparo de lo dispuesto en la Ley Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter personal y en el Real decreto 1720/2007, que aprueba el Reglamento de desarrollo de dicha ley.

f) Órgano responsable del fichero:

La persona que ejerza el puesto de Alcaldía del Ayuntamiento de Fornelos de Montes, como responsable superior de todo el personal e impulsor de todos los servicios administrativos; dicho fichero se mantendrá, se conservará y se actualizará por los agentes de promoción económica.

g) Derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición:

Los agentes de promoción económica, serán ante quien se podrán ejecutar los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición de estos datos.

h) Sistema de tratamiento: mixto.

i) Nivel de protección: Las medidas de seguridad para este fichero son de carácter básico.

Supresión del siguiente fichero de datos de carácter personal de titularidad pública del *Ayuntamiento de Fornelos de Montes*:

1. *Contabilidad*: Proceder al tratamiento informático de los datos de los terceros contables (proveedores clientes y contribuyentes) de este ayuntamiento incluido en el programa de contabilidad municipal. Los datos de este fichero están contenidos en el nuevo fichero de Registros que creamos con esta disposición.”

Fornelos de Montes, a 11 de enero de 2012.—El Alcalde, Emiliano Lage Rodríguez.

2012000372

* * *

MORANA**A N U N C I O****RESES MOSTRENCAS**

En cumprimento do disposto no artigo 7 do Regulamento para a administración e réxime de reses mostrencas do 24 de abril de 1905, infórmase de que este concello ten recollidas 2 reses mostrencas da especie equina. Durante o prazo de dez (10) días, a contar desde a publicación deste anuncio no BOP de Pontevedra, estarán a disposición de quen acredite ser o seu lexítimo dono, que deberá satisfacer o importe dos gastos e eventuais danos causados.

O prazo de 20 días previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común redúcese á metade por motivos de urxencia por tratarse de gando salvaxe que pode perecer ó estar retido moito tempo en cautividade.

As reses teñen as seguintes características:



1 Egua. Capa castaño claro. Dunha idade de 3 a 4 anos.

1 Egua. Capa raxada agrisada. Dunha idade de 3 a 4 anos.

Advírtese de que se, transcorrido o prazo sinalado, non se presentasen os donos a reclamar as citadas reses, acreditando ser os seus donos, procederase á realización da subasta para a súa venda, conforme o determinado no artigo 13 do devandito regulamento. Dita subasta terá lugar o segundo día hábil posterior ó do remate deste prazo, ás 12 horas, no Salón de Actos da Casa do Concello. Se ese día coincidise en sábado o acto trasladarase ó seguinte día hábil.

Fíxase un prezo de partida en 200 euros. O prezo ten que ofertarse polo conxunto e as poxas faranse incrementado o prezo de partida de 10,00 en 10,00 euros. O adxudicatario terá que depositar o prezo de adxudicación ó remate da poxa.

Moraña, 10 de xaneiro de 2012. — A Alcaldesa, María Luisa Piñeiro Arcos.

2012000299

* * *

P O I O

A N U N C I O :

Rematado o prazo de información pública do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de 7 de decembro de 2011, núm. 234, referinte ó acordo adoptado polo Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de novembro de 2011, sobre a modificación do artigo 5 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Licenzas Urbanísticas, na que se modificou o artigo 5 relativo a “Base impositiva de Cota”, incluído un apartado 6º, sen que se presentasen reclamacións en contra da mesma, e en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobada por R.D. 2/2004, de 5 de marzo, queda aprobada definitivamente dita modificación e faise pública dita ordenanza:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licenza urbanística”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, da que as normas atenden o provisto no artigo 58 da citada Lei 39/88.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impositivo da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 178 da Lei sobre Réxime de Solo e Ordenación urbana, Texto refundido aprobado polo Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, e que teña que realizarse no termo municipal, axústanse as normas urbanísticas, de edificación e policía, previstas na citada Lei do Solo e no Planeamento e normativa Urbanística deste municipio.

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuidores, ou no seu caso arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións, ou se executen as obras.

2.—En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte, os constructores e contratistas das obras.